

**TRIBUNAL DE CONTAS  
(SECCIÓN DE AXUIZAMENTO-  
DEPARTAMENTO PRIMEIRO)**

*Edicto (A52/2010).*

Mediante este edicto faise público, para dar cumprimento ao acordado pola conselleira do Departamento Primeiro da Sección de Axuizamento do Tribunal de Contas, por providencia do vinte e sete de abril de dous mil dez, ditada no procedemento de reintegro por alcance nº A52/10, do ramo de comunidades autónomas (informe de fiscalización, *Fundación Deporte Galego*, exercicios 2004-2005), que no dito tribunal se segue xuízo contable con motivo de presuntas irregularidades no pagamento dunha sanción, producíndose un descuberto nos fondos da dita fundación por importe de cinco mil euros (5.000 €), o cal se fai saber coa finalidade de que os legalmente habilitados para o mantemento ou oposición á pretensión de responsabilidade contable poidan comparecer nos autos comparecendo en forma dentro do prazo de nove días.

Madrid, 27 de abril de 2010.

Andrés Gutiérrez García  
Letrado secretario

#### IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

##### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 12 de maio de 2010 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación para a atención e desenvolvemento do Proxecto Abalar.*

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por persoal funcionario público docente que imparte ensinanzas en niveis non universitarios, dispón, no seu artigo 5º, que se cubrirán en réxime de comisión de servizos, por concurso de méritos específicos entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios aquelas prazas que teñan por obxecto fomentar a investigación, favorecer a elaboración de proxectos que inclúan innovacións curriculares, metodolóxicas, tecnolóxicas, didácticas e de organización de centros docentes.

Na súa virtude e sobre a base da autorización expresa que figura na disposición derradeira primei-

ra dese decreto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

*DISPÓN:*

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convocar concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira ou funcionario en prácticas dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación para a atención e desenvolvemento do Proxecto Abalar.

Artigo 2º.-*Participantes e requisitos.*

Poderán participar nesta convocatoria o persoal funcionario de carreira e funcionarios en prácticas dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica de educación con destino actual na Comunidade Autónoma de Galicia, que deben acreditar estar en posesión do Celga 4 ou do curso de perfeccionamento de lingua galega ou certificación ou validación equivalente.

Enténdese tamén estar en servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia en 31 de agosto de 2010 aquel persoal docente que, desde un destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, accederon a un posto docente no estranxeiro e que deben incorporarse obrigatoriamente a esta comunidade no próximo curso académico.

Artigo 3º.-*Lugar e prazo de presentación.*

O prazo de presentación de instancias, que serán dirixidas ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, será de vinte días naturais contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A instancia, así como a documentación correspondente, poderá presentarse no rexistro xeral da Xunta de Galicia, nos departamentos territoriais da consellería ou en calquera das dependencias que sinala o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e dirixiranse ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 4º.-*Solicitudes e documentación.*

O persoal interesado en participar nesta convocatoria deberá presentar a súa solicitude mediante instancia axustada ao modelo que se publica no anexo III desta orde.

No caso de que se presentase a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo persoal funcionario de correos antes de ser certificada.

Á instancia xuntarase a seguinte documentación:

a) Folla de alegación de méritos e autobaremación, axustada ao modelo que se adxunta a esta orde.

b) Documentación a que se refire o anexo II desta convocatoria, para acreditar todos os servizos e méritos alegados, así como unha relación numerada, datada e asinada, dos documentos presentados seguindo a orde que aparece no citado anexo. Aqueles méritos alegados e non xustificadas documentalmente non serán tidos en conta.

c) Proxecto de traballo, que deberá facerse en galego, referido ás funcións que ten que realizar, cunha extensión máxima de 20 folios.

Non terán que presentarse aqueles documentos xustificativos de méritos alegados que fosen presentados polos concursantes para completar o seu expediente persoal na aplicación informática a través do enderezo [www.edu.xunta.es/datospersoais](http://www.edu.xunta.es/datospersoais)

#### Artigo 5º.-Comisión de selección.

1. Este concurso será resolto por unha comisión de selección formada polos seguintes membros:

Presidente:

O director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa en quen delegue.

Vogais:

A persoa que exerce a xefatura da Área de Sistemas e Comunicacions.

A persoa que exerce a xefatura de Subárea de Dotación a Centros.

Dous xefes ou xefas de servizo ou área da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Secretaria/o:

Un funcionario ou funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario ou secretaria con voz e sen voto.

Cada un dos sindicatos da Mesa Sectorial Docente poderá nomear un ou unha representante para a asistencia ás sesións da comisión con voz e sen voto. Coa debida anticipación, o nome do ou da representante seralle comunicado á presidencia da comisión de selección.

2) A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles méritos e/ou proxectos de traballo que coiden pertinentes. Cada un dos sindicatos da Mesa Sectorial Docente poderá nomear un ou unha representante para a asistencia ás sesións da subcomisión con voz e sen voto.

3. Os membros da comisión e da subcomisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), modificado polo Decre-

to 144/2008, do 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e están cualificadas na categoría primeira.

#### Artigo 6º.-Proceso de selección.

O proceso de selección constará de dúas fases: unha primeira en que se valorarán os méritos alegados e o proxecto presentado, e unha segunda en que se poderá realizar unha entrevista aos aspirantes que superen a primeira fase.

Primeira fase de selección:

a) A comisión fará públicas as puntuacións provisorias asignadas a cada un e cada unha das aspirantes, como resultado da aplicación do baremo que figura no anexo II. Estas listas publicaranse nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e nos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es>

b) O persoal aspirante poderá presentar as alegacións que considere convenientes contra a lista provisorias, dirixidas ao presidente da comisión de selección, no prazo de 10 días naturais contados a partir do seguinte ao da súa publicación, por calquera dos procedementos recollidos no punto sexto 1.b) desta orde.

c) Unha vez estudadas e resoltas as alegacións presentadas, a comisión publicará a lista definitiva das puntuacións nas epígrafes de méritos e proxecto de traballo, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e dos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es>

Segunda fase de selección:

a) Todo o persoal aspirante que obteña unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto poderá ser convocado pola comisión de selección á celebración dunha entrevista para apreciar mellor as circunstancias que concorren nel, e que versará sobre o proxecto presentado.

b) O persoal aspirante que non acade unha puntuación mínima de 4 puntos no proxecto e de 4 puntos na entrevista, se for o caso, non poderá ser proposto pola comisión. Serán seleccionados aqueles aspirantes que, obtendo as puntuacións mínimas sinaladas acaden as maiores puntuacións no total das epígrafes contidas no baremo establecido no anexo II, para a praza que solicitan.

c) No caso de producirse empates no total de puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo sucesivamente e por esta orde á maior puntuación nos puntos 6, 1, 3.3, 5 e 2.1, do baremo.

#### Artigo 7º.-Proposta de nomeamento.

1. A relación provisorias do persoal seleccionado farase pública nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e dos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como

no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es>. Establecerase un prazo de dez días naturais para que o persoal interesado poida efectuar as posibles reclamacións ou renuncias ás prazas adxudicadas provisoriamente.

2. Unha vez resoltas as reclamacións, admitidas as posibles renuncias e superado un proceso de formación por parte do persoal seleccionado, a comisión remitirá ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a proposta de resolución da presente convocatoria, xunto coa acta definitiva coa expresión das valoracións outorgadas a cada un dos candidatos e candidatas, así como a relación final das persoas seleccionadas con mención do posto que se adxudicará a cada unha delas.

*Artigo 8º.-Resolución da convocatoria.*

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará no DOG a resolución definitiva do concurso.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, o persoal interesado poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. O persoal funcionario docente que resulte seleccionado por esta convocatoria quedará adscrito aos postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2010 e cesarán nos seus postos de procedencia con data do 31 de agosto do mesmo ano e permanecerán neles en réxime de comisión de servizos, con reserva de posto de traballo de orixe, por un período dun ano, renovable ano a ano, ata un máximo de seis, establecéndose un proceso de avaliación do exercicio da súa actividade que, no caso de ser positiva, determinará a súa continuidade.

A avaliación será realizada por unha comisión coa mesma composición establecida no artigo 5º desta orde, logo dos informes que considere oportunos.

3. De non publicarse a resolución definitiva no prazo de seis meses desde esta convocatoria, as solicitudes presentadas entenderanse desestimadas.

*Artigo 9º.-Devolución da documentación presentada.*

O persoal interesado ou os seus representantes legais poderán retirar a documentación presentada para acreditar os méritos alegados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo de trinta días pasado un mes desde a publicación no DOG da resolución definitiva do concurso, agás que con motivo de recurso deba manterse en poder da consellería.

*Artigo 10º.-Retribucións.*

Para efectos de retribucións, en concepto de complemento específico, o persoal funcionario docente que resulte seleccionado poderá percibir o complemento específico correspondente a asesor técnico docente, segundo o establecido no anexo V dous da Orde do 14 de xaneiro de 2010 (DOG do 20) pola que se ditan instrucións para a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2010.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2010.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

*ANEXO I*

Denominación da praza	Nº. de prazas	Requisitos	Destino	Funcións
Apoio aos centros docentes na implantación das novas tecnoloxías e servizos educativos segundo o Proxecto Abalar	5	Coñecementos das tecnoloxías informáticas no nivel de usuario avanzado incluíndo, entre outros, a capacidade de instalar e configurar equipamentos informáticos en rede e os seus dispositivos periféricos. Coñecemento das ferramentas informáticas incluíndo a súa instalación. Coñecemento das ferramentas e tecnoloxías empregadas na internet e as súas posibilidades de utilización no contorno educativo.	Secretaría Xeral. Situados fisicamente nos CFR e seccións seguintes: Carballo, Ortigueira, Ferrol, Ourense e Pontevedra	Soporte <i>in situ</i> e asesoramento na instalación e utilización dos servizos educativos que se lles ofertan aos centros educativos. Soporte técnico <i>in situ</i> á infraestrutura informática e de comunicacións resolvendo as incidencias dos centros docentes da súa zona en coordinación coa unidade de atención a centros (UAC). Apoio e atención aos centros docentes da súa zona con relación a calquera aplicación de informática corporativa (bibliotecas, xestión económica, inventarios...) implantada o por implantar neses centros. Asesoramento sobre as necesidades de formación do persoal dos centros docentes en relación cos servizos educativos ofertados.

Denominación da praza	Nº. de prazas	Requisitos	Destino	Funcións
Asesoría Abalar	3	Experiencia na administración de plataformas de <i>e-learning</i> , publicación dinámica de contidos web, servizos da intranet. Coñecementos de contornos LAMP.	Secretaría Xeral (Santiago de Compostela)	Administración e desenvolvemento de servizos no marco do Proxecto Abalar nos centros educativos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Asesoría Abalar	4	Experiencia en análise e programación de aplicacións web dinámicas. Experiencia en traballo en equipo. Coñecementos de programación en J2EE. Coñecementos de programación en PHP. Coñecementos de programación en Oracle.	Secretaría Xeral (Santiago de Compostela)	Desenvolvemento de aplicacións web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Asesoría de contidos educativos Abalar	4	<p>Ámbito técnico:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Coñecementos sobre os estándares: catalogación LOM, accesibilidade de AA e empacquetamento SCORM dos recursos educativos.</li> <li>-Coñecementos sobre xestión e mantemento de xestores de contidos (CMS) e contornos virtuais de aprendizaxe (LMS).</li> <li>-Coñecementos sobre ferramentas de autor de aplicacións para a creación de contidos e recursos educativos.</li> <li>-Experiencia no deseño conceptual dun sitio web: estrutura, navegabilidade e deseño visual.</li> </ul> <p>Ámbito metodolóxico e de aplicación nas aulas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Experiencia na dinamización, xestión e aplicación nas aulas de programas de innovación educativa en relación á integración das TIC.</li> <li>-Coñecemento das singularidades tecnolóxicas dos centros educativos galegos.</li> <li>-Participación en redes de escolas integradas en proxectos e grupos de traballo de potenciación das TIC.</li> <li>-Experiencia á hora de utilizar as TIC na preparación de material didáctico para apoiar as prácticas pedagóxicas.</li> <li>-Coñecemento sobre ética e seguranza na rede. Bos usos, protección de datos e propiedade industrial.</li> </ul> <p>Ámbito recursos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Coñecemento e experiencias de iniciativas europeas e nacionais que fomentan o intercambio de materiais educativos.</li> <li>-Coñecemento e experiencias en iniciativas e proxectos de creación de contidos educativos.</li> </ul>	Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Santiago de Compostela)	<p>Ámbito técnico:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Recompilación e adaptación de materiais e recursos educativos para a súa posta en valor.</li> <li>-Catalogación e publicación de contidos educativos.</li> <li>-Integración dos recursos en contornos de aprendizaxe.</li> <li>-Asesoramento sobre a explotación dos recursos nas webs/aulas virtuais dos centros.</li> <li>-Xestión, mantemento e dinamización dos recursos de usuarios da plataforma de contidos educativos.</li> </ul> <p>Ámbito metodolóxico e de aplicación nas aulas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Elaboración de guías de boas prácticas na integración de recursos TIC.</li> <li>-Asesoramento á hora de integrar os recursos na programación de actividades diaria das necesidades formativas derivadas.</li> </ul> <p>Ámbito recursos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Dinamización de convocatorias de premio de recoñecemento á creación de materiais educativos e boas prácticas.</li> </ul>

ANEXO II

Conceptos	Puntuación	Total puntos máximo	Documentos xustificativos
1. Antigüidade: Por cada ano de servizos efectivos prestados na situación de servizo activo como funcionario de carreira. Para estes efectos computaranse os servizos docentes previos recoñecidos conforme a Lei 70/1978; non se computarán os exixidos como requisito.	0,50 puntos	5 puntos	Folla de servizos
2. Méritos académicos: 2.1. Polo título de doutor..... 2.2. Titulacións de segundo ciclo: por cada licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou títulos declarados legalmente equivalentes..... 2.3. Titulacións de primeiro ciclo: pola segunda diplomatura ou os 3 primeiros cursos dunha licenciatura.....	1 punto 0,5 puntos 0,25 puntos	2 puntos	Copia compulsada das titulacións alegadas
3. Formación e perfeccionamento: 3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas que se encontran en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións citadas, así como os organizados polas universidades (0,10 puntos por cada 10 horas de cursos superados acreditados) ..... 3.2. Por outras actividades de formación e perfeccionamento en materia educativa, incluída a impartición de cursos..... 3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto de asesor a que se pretende acceder.....	Ata 2 puntos Ata 1 punto Ata 3 puntos	6 puntos	Copia compulsada da documentación alegada
4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas: 4.1. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, de carácter xeral..... 4.2. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, relacionadas coa praza que se solicita..... (Deberán conter o ISBN, salvo as excepcións previstas na lexislación vixente).	Ata 1 punto Ata 2 puntos	3 puntos	Documentación orixinal ou fotocopia cotexada
5. Por cada ano de servizo en postos da Administración educativa relacionados coas funcións do posto de asesor que solicita.....	0,10 puntos	2 puntos	Certificación de servizos ou nomeamento
6. Proxecto de traballo: O proxecto de traballo, ademais dos aspectos xerais do sistema educativo e dos sinalados no punto quinto desta orde deberán conter os obxectivos, planificación xeral, actividades, xustificación e definición a que corresponde a praza que se solicita..... (Puntuación mínima exixida por este número: 4 puntos).	Ata 6 puntos	Ata 6 puntos	Orixinal, cunha extensión máxima de 20 folios
7. Entrevista sobre o proxecto presentado. (Puntuación mínima exixida por este número: 4 puntos).	Ata 6 puntos	Ata 6 puntos	

## ANEXO III

## DATOS DE IDENTIFICACIÓN

CORPO A QUE PERTENCE

DICIPLINA

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NOME

DNI

NRP

## ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

RÚA E Nº

TELÉFONO

LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL

## DATOS DESTINOS

CENTRO DE DESTINO DEFINITIVO 2009/2010

LOCALIDADE

CENTRO DE DESTINO PROVISIONAL 2009/2010

LOCALIDADE

## PRAZAS QUE SOLICITA POR ORDE DE PREFERENCIA:

ORDE PEF.	Nº POSTO	ORDE PEF.	Nº POSTO	ORDE PEF.	Nº POSTO	ORDE PEF.	Nº POSTO	ORDE PEF.	Nº POSTO
1		6		11		16		21	
2		7		12		17		22	
3		8		13		18		23	
4		9		14		19		24	
5		10		15		20		25	

NOTA: no caso de solicitar prazas de CFRs, indicar a localidade da sección.

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.

SIGNATURA DO INTERESADO/A

DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## ANEXO IV

## Folla de autobaremación

Concepto	Puntuacións parciais	Total
1. Antigüidade (máximo 5 puntos). Por cada ano de servizo como funcionaria/o de carreira. Para estes efectos computaranse os servizos docentes previos recoñecidos conforme a Lei 70/1978; non se computarán os exixidos como requisito.	0,50	
2. Méritos académicos (máximo 2 puntos).		
2.1. Polo título de doutor.	1	
2.2. Titulacións segundo ciclo.	0,5	
2.3. Titulacións primeiro ciclo.	0,25	
3. Formación e perfeccionamento (máximo 6 puntos).		
3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas (0,10 puntos por cada 10 horas).	Ata 2 puntos	
3.2. Por outras actividades de formación...	Ata 1 punto	
3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto que se solicita.	Ata 3 puntos	
4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas. (máximo 3 puntos).		
4.1. Por publicacións de carácter didáctico, de carácter xeral.	Ata 1 punto	
4.2. Por publicacións de carácter didáctico, co posto que solicita.	Ata 2 puntos	
5. Servizos relacionados co posto (máximo 2 puntos). Por cada ano de servizo en postos da administración educativa relacionadas coas funcións do posto que solicita	0,10	

*Resolución do 21 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a lista definitiva de admitidos e excluídos para participar no concurso-oposición para o acceso ao corpo de inspectores de Educación.*

Transcorridos os prazos previstos na Resolución do 15 de abril de 2010 (DOG do 23 de abril), pola que se fixo pública a lista provisional de admitidos e excluídos para participar no concurso oposición para o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia convocados pola Orde do 15 de febreiro de 2010 (DOG do 8 de marzo), na súa virtude, esta dirección xeral

**DISPÓN:**

Primeiro.-Facer pública a lista definitiva de admitidos para participar no concurso-oposición para o acceso ao corpo de inspectores de Educación, coa indicación de se están exentos ou non da realización da proba de coñecementos de lingua galega de acor-